



O Parlamento de Galicia recibe a visita dun grupo de nenos e nenas afectados por enfermidades renais

- **Mantiveron un encontro con representantes de todos os grupos parlamentarios, coa presidenta do Parlamento e co presidente da Xunta, ademais de efectuar unha visita guiada ás instalacións da Cámara**

Santiago, 25 de xuño de 2013.- O Parlamento de Galicia recibiu esta mañá a visita dun grupo de nenas e nenos que participan no proxecto Crece, organizado pola Federación Nacional de ALCER.

Os participantes nesta visita, na súa maioría nenos e nenas afectados por enfermidades renais, participaron nun encontro con representantes dos catro grupos parlamentarios e co presidente da Xunta de Galicia. Noutro momento da visita, tamén os saudou a presidenta do Parlamento.

Durante a xornada, efectuaron unha visita guiada ás dependencias da Cámara galega e presenciaron, desde a tribuna de convidados do hemiciclo, o desenvolvemento do Pleno do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.